

**FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
E DOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016**

Remítese á Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas o informe de Intervención resumen dos traballos de fiscalización a posteriori do exercicio 2016, así como os informes definitivos de fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación Provincial da Coruña e dos tributos cuxa xestión foi delegada polos concellos da provincia nesta deputación, ao obxecto de:

► Que se tome coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación Provincial e a de recursos doutros entes públicos cuxa xestión foi delegada polos concellos da provincia nesta deputación, correspondentes ao exercicio 2016, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 34.2 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2016 e da Resolución da Presidencia nº 7 de 04/01/2016 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2016) pola que se establece a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

► Que quede constancia do citado informe resumen, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e se axustan ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.

A Coruña, 17 de abril de 2018

A xefa de negociado

Margarita Santiso Corral

Conforme  
O Interventor Xeral

José Manuel Pardellas Rivera

O viceinterventor

José M<sup>a</sup> Pérez Alvaríño

**COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS**